



OURENSE, A DEZANOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

XUÍZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 41-2025 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALLEGA ABSOLUTA FEMENINA DH 25_26

Equipos participantes: C. W. AS MARIÑAS - C. W. CORUÑA RÍAS ALTAS

Día, hora e lugar: 14/12/2025; 19:30

FEITOS

ÚNICO. - O día 15/12/2025 foi remitida a este Xuíz Único a acta e o seu anexo do encontro disputado o 14/12/2025 entre o C. W. AS MARIÑAS e o C. W. CORUÑA RÍAS ALTAS. No anexo consígnase literalmente:

"El equipo local se presenta con 7 jugadoras al encuentro. Durante el transcurso del partido se expulsa a dos jugadoras con tres expulsiones, la última en el 0:19 del último cuarto. Debido a esta situación, se finaliza el partido ya que el local tiene 5 jugadores disponibles cuando el mínimo son 6 para poder seguir disputando el encuentro."

FEITO SEGUNDO. - O 16/12/2025 deuse trámite de audiencia ao/á interesado/a polo prazo de dous días hábiles, conforme o modelo de trámite empregado polo Comité de Competición.

FEITO TERCEIRO.- No prazo concedido non se presentaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. - Procedemento: Este expediente tramítase polo procedemento ordinario para infraccións das regras de xogo ou competición, garantindo o trámite de audiencia do/a interesado/a, conforme ao artigo 22.2 do Libro III do Réxime Disciplinario da Federación Galega de Natación.

Segundo. - Proba e presunción de veracidade: A acta arbitral e o seu anexo constitúen medio documental necesario no conxunto da proba. As declaracións do árbitro/xuíz presúmense certas ("iuris tantum"), salvo erro material manifesto, que pode acreditarse por calquera medio admitido en Dereito. Non existindo alegacións nin proba que desvirtúe o recollido na acta e no anexo, debe terse por acreditado o feito descrito.

Terceiro. - Tipificación: retirada durante o transcurso do encontro. Do relato arbitral resulta que o equipo local, tras quedar con só cinco xogadoras dispoñibles, non puido continuar o encontro, acordándose a finalización anticipada do mesmo. Esta situación encaixa, por identidade de razón e pola súa incidencia directa no normal desenvolvemento da competición, no suposto de "retirada durante o transcurso dun encontro", ao producirse a interrupción/abandono do encontro unha vez iniciado, con imposibilidade de continuar por parte do equipo afectado.

Cuarto. - Consecuencia xurídica directa: imposición da perda do encontro por 10 goles en contra. A Normativa Xeral de Waterpolo da FEGAN (Circular 25-43), no seu artigo 7.2.3, establece expresamente que, "se se produce retirada durante o transcurso dun encontro, darase por finalizado o mesmo co tanteo que figura no marcador se é favorable ao adversario; (se fose favorable ao equipo que abandona, este será sancionado coa perda do encontro con 10 goles en contra)". Consta na acta que, no momento da finalización, o tanteo era

favorable ao equipo local (resultado 15-11). En consecuencia, a norma impón de maneira nítida e automática a sanción específica para este suposto: **a perda do encontro para o equipo que abandona, fixando o resultado regulamentario en 10 goles en contra, isto é, 0-10.**

Quinto. - Recursos: Contra esta resolución cabe recurso ante o Comité de Apelación da FEGAN nos prazos e termos previstos no Libro III do Réxime Disciplinario.

RESOLUCIÓN

Declarar que o C. W. AS MARIÑAS incorreu en **RETIRADA DURANTE O TRANSCURSO DO ENCONTRO**, en aplicación do artigo 7.2.3 da Normativa Xeral de Waterpolo da FEGAN (Circular 25-43).

En consecuencia, e por resultar o tanteo existente no marcador **favorable ao equipo que abandona**, impoñer ao C. W. AS MARIÑAS a sanción de **PÉRDIDA DO ENCONTRO CON 10 GOLES EN CONTRA**, fixándose o resultado oficial regulamentario en:

C. W. AS MARIÑAS 0 - 10 C. W. CORUÑA RÍAS ALTAS

Notifíquese aos interesados. Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso ante o Comité de Apelación da FEGAN no prazo e termos previstos no Libro III do Réxime Disciplinario.

En lugar e data ut supra,

Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN

JOSÉ ANTONIO NÓVOA

Colexiado nº 2.623, en exercicio, do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense